



RESOLUCIÓN POLA QUE SE SUBSTITÚEN MEMBROS DE COMISIÓNS DE SELECCIÓN

Asunto: Substitución do presidente da comisión de selección prazas 17/5010 e 17/5011

Feitos

Por Resolución do 18 de outubro de 2017 faise pública a relación definitiva de admitidos e excluídos e a composición da comisión de selección encargada de vulgar os concursos para a provisión das prazas 17/5010 e 17/5011, de Profesor Contratado interino de Substitución da área de coñecemento de Socioloxía, convocados por Resolución do 28 de xullo de 2017.

O 19 de outubro o decano da Facultade de Socioloxía, Antón Álvarez Sousa, presidente das comisións de selección, por razón de outras actividades derivadas do seu cargo solicita a súa substitución polo profesor Diego López de Lera, vicedecano da Facultade.

Consideracións legais e técnicas

O apartado 6.5 da normativa da UDC reguladora do procedemento para a selección de persoal docente e investigador interino e laboral contratado, aprobada polo Consello de Goberno, na súa reunión do 30 de abril de 2014, e o 5.5 da resolución reitoral pola que se convocaron estas prazas, establecen que “Nos casos de ausencia ou causa xustificada que impediren a actuación do/a presidente/a da comisión, este/a será substituído/a polo/a vicedecano/a, subdirector/a ou profesor/a do centro de maior categoría e antigüidade...”.

Por todo o indicado, esta reitoría, en atención a que as razóns alegadas xustifican a substitución solicitada, resolve autorizar a substitución do presidente das comisións destas prazas, polo vicedecano do centro, Diego López de Lera, profesor Titular de Universidade.

A Coruña, 19 de outubro de 2017

Por delegación do reitor (R.R. 12/01/2016)
O vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente
Alberto Valderruten Vidal